

O Carbonero.

A dúas millas ao noreste da illa Grosa, en Murcia, hai un pecio coñecido polo alcume de *El Carbonero*.

Está afundido nun fondo areoso, en posición de navegación e a uns 40 metros de profundidade. Aquí permanece desde que fora afundido na Primeira Guerra Mundial, probablemente torpedeado por un submarino alemán preto do cabo de Palos.

A xente da zona chámalle *El Carbonero* porque nas súas adegas foi atopado moito carbón, aínda que noin se sabe se se trataba da carga do navío ou estaba só destinado a ser usado combustible. Tamén hai quen opina que entre o mineral se agochaban armas e munición, que podían ter como destiño calquera dos contendentes.

Malia o alcume polo cal é coñecido na zona, tal e como figuraba gravado na campana, que se conservou en perfecto estado, o nome do barco era *Thordisa*. De nada serviu invocar o espírito de Thor, deus nórdico do trebón/trono, pois a súa protección non foi abonda para o barco.

O *Thordisa* foi construído nos asteleiros de *Cardiff* en 1888 e os seus primeiros propietarios foron *Thomas Thurnbull & Son*. Pero cando afundiú xacambiara de mans, de pavillón e de nome.

No 1913 mercouno un italiano, *Degrossi*, que o convertiu no cargueiro *Lillia Dubild*, aínda que quizais – todo arredor deste barco é confuso – se chamara *Lilla*. Haberá quen pense que ese foi o momento no que comezou a afundir, xa que a tradición di que trocar o nome dun barco trae mala sorte.

Parece ser que aquel 13 de outubro de 1917, un submarino alemán atacou ao vapor *Doris*. Crese que o *Lilla* acodeu na súa axuda e foi alcanzado tamén polos torpedos. Tamén podería ser que o submarino alemán estivera na zona precisamente para desfacerse de calquera navío inimigo. Sexa como fose, as 2819 toneladas, os 289 pes de eslora, os 38 pes de manga e os 219 cabalos de forza do seu motor, marcharon a pique, coa parte central do navío practicamente destrozada.

Así segue, partido en dous por unha zona próxima á sala de máquinas, na parte de popa. E non obstante, aqueles que o viron na década de 1980 afirman que estaba enteiro. Sen embargo, agora, a ferida que separa as dúas partes desiguais do barco é unha avenida propicia para os mergulladores deportivos, que a percorren entre estrelas, esponxas, algas e peixes, sobre todo, grandes congros e peixes lúa.

O pecio está inzado de anzois, cabos e restos de redes, que teñen quedado enganchados nos restos do cargueiro. Tamén se foi deteriorando polas arremetidas violentas das cargas de profundidade que os pescadores furtivos empregan a cotío.

Pero nada diso fai desistir aos mergulladores curiosos. O *Thordisa*, a pesares da guerra, a pesca furtiva e o paso do tempo, segue a ser útil; agora non só aos humanos senón aos organismos mariños aos que serve de soporte e refuxio.